



PONTECESURES

# CAMPAMENTO DE VERÁN

2017



Concello de  
PONTECESURES

**SIF**

Servicios Integrais de Formación

Tlf.: 677.555.748

[info@sifservicios.com](mailto:info@sifservicios.com)



## INTRODUCCIÓN

Somos sabedores de que unha das grandes revolucións sociais da segunda metade do século XX, baséase no cambio da situación de homes e mulleres no traballo, tanto polas transformacións na composición do mercado laboral como pola introdución dun debate moi vivo sobre os roles e responsabilidades de uns e de outras no ámbito doméstico.

Co paso dos anos, as mulleres deixan paulatinamente de orientarse exclusivamente a vida familiar e comezan a introducirse no mercado laboral. Este cambio comporta transformacións das estruturas familiares e da propia sociedade; e esixe unha adaptación das dúas principais esferas nas que fai ben pouco se dividía de maneira ríxida a vida social: o traballo remunerado e a vida familiar.

Ademais da corresponsabilidade no traballo do fogar, deben poñerse en marcha outras estratexias encamiñadas a dar respostas contextualizadas e viables ante as problemáticas dun mundo diverso e plural. Por iso, é de recibo tomar conciencia da necesidade de buscar solucións óptimas que permitan acadar a plena conciliación familiar e laboral. É preciso por en marcha alternativas que permitan a homes e mulleres adaptarse as novas necesidades dunha sociedade que aspira a basearse en relacións máis xustas e igualitarias.

Por isto, a realización de actividades en pro da conciliación ten un peso incuestionable cara a igualdade de xénero en aspectos educativos, sociais e culturais.

Na programación que se presenta a continuación, poden observarse os beneficios que a conciliación proporciona, ofrecendo as familias un espazo alternativo para a concordancia da vida familiar e laboral.

Un espazo onde se porán en marcha un conxunto de iniciativas encamiñadas a favorecer o desenvolvemento persoal e social dos/as menores, nun marco de educación non formal.

Esta proposta ten por obxecto proporcionar aos/as nenos e nenas do Concello de Pontecesures, durante o período vacacional de verán, a oportunidade de gozar do seu tempo libre e ocio autotélico, con actividades lúdico - educativas que fomenten o desenvolvemento de hábitos de diversión creativa.



## TEMÁTICA CENTRAL E DESCRICIÓN XERAL DA ACTIVIDADE

No Campamento de Verán de Pontecesures 2017, as persoas participantes poderán desenvolver unha serie de iniciativas (as cales que exorarán a continuación), diferenciadas en diversos bloques temáticos (que se detallarán polo miúdo mais adiante); encamiñadas a propiciar o desenvolvemento integral do/a menor en todas as áreas da súa personalidade: intelectual, social e afectiva. Ao mesmo tempo que se primará nas diferentes sesións o desenvolvemento de diversas capacidades: física e deportiva, plástica, creativa, artística, manual, musical, etc.

Ademais, a programación concíbese cun claro enfoque pedagóxico, favorecendo os hábitos de cooperación e convivencia, así como a educación ambiental, a educación en valores, emocional e en igualdade.

Mediante a diferenciación destas áreas, preténdese deixar claro que as iniciativas executadas perseguen en todo momento que os/as usuarios/as adquiran unha serie de destrezas e actitudes que lles permitan desenvolver a autoconfianza, a autonomía e a formación da personalidade propia; tendo

sempre presente as características persoais de cada menor en función da idade e das necesidades persoais. Así mesmo, aquelas prácticas que favorezan a convivencia democrática, o respecto mutuo, o pensamento crítico e as relacións de equidade, serán piares básicos de intervención.

Por outra parte, debemos deixar constancia de que as diferentes accións e bloques temáticos non son entes separados dentro dunha mesma programación, senón que forman parte dunha mesma estrutura xeral que se complementa e se entrelaza entre sí.

Por iso, as *Actividades do Campamento de Verán* formuladas para o Concello de Pontecesures no ano 2017, basearanse na mesma temática central ***Vitamina: onde estás?*** que será o fío condutor e eixo central dende a que partirán as accións programadas.

Así, da man do personaxe *Vitamina K*, preténdese que os/as menores participantes, adquiren de xeito lúdico, determinada formación, información e valores, precisos para adquirir uns hábitos de vida saudables.

Deste xeito, entre outros contidos, a través das diversas actividades formuladas, traballaranse aspectos como o coidado propio (alimentación, consumo responsable, educación física etc.) e tamén aspectos relacionados co bo funcionamento do propio medio, co fin de *“coñecelo, valoralo e respectalo en todas as súas dimensións”*.

En definitiva, ***Vitamina: onde estás?***, será para as persoas participantes, unha fonte de coñecementos e aprendizaxes, a partir dos cales poder reflexionar sobre "todo o que nos nutre"; onde se primarán valores como o respecto, a igualdade, a tolerancia a empatía, a solidariedade, responsabilidade, etc. cara outras culturas, costumes e persoas.



# OBXECTIVOS

## Xerais

---

- Ofrecer unha alternativa de ocio e tempo libre aos nenos e as nenas do Concello de Pontecesures no período estival, ao tempo que se facilite a conciliación da vida familiar e laboral das familias do concello.
- Proporcionar un modelo de intervención socio educativa, baseado en temas transversais e contidos diversos que contribúan a un enriquecemento da formación como persoas, adquirindo valores e actitudes que lles permitan participar e intervir na sociedade máis próxima de xeito crítico e positivo.
- Aceptar as diferenzas individuais e manifestar respecto e tolerancia para facilitar unha convivencia harmónica, que favoreza o desenvolvemento da propia identidade, a madurez persoal e a progresiva toma de decisións.

5

## Específicos

---

- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación social.
- Apreciar o diálogo, o intercambio e a cooperación como forma de mellorar a convivencia dentro do grupo.
- Respetar e valorar o propio traballo e o dos/as demais, afianzando a identidade e a autonomía persoal.
- Valorar positivamente a imaxinación, a creatividade e o sentido lúdico.
- Ser respectuosos/as co medio natural e social da súa contorna.

- Respectar e coidar as instalacións e o material, tanto o propio como o comunitario.
- Experimentar o xogo e o deporte como obxecto de pracer e divertimento, así como un recurso para aproveitar o tempo libre.
- Educar en igualdade e traballar as emocións.
- Crear situacións de animación acordes á etapa evolutiva de cada neno/a.



## LUGAR E DATAS DE REALIZACIÓN

1º quenda de xullo

2º quenda de xullo

1º quenda de agosto

2º quenda de agosto

6

O programa desenvolverase nos meses de xullo e agosto (de luns a venres, excepto festivos), en horario de 9:30h a 13:30h; no lugares habilitados polo concello, tendo preferencia as seguintes instalacións:

- Aulas do CPI de Pontecesures.



## HORARIO XERAL

HORARIO	ACTIVIDADES
09.30h a 10.00h	Recepción dos/as usuarios/as Xogos de distensión e recunchos alternativos
10.00h a 10.30h	Actividade I
10.30h a 11.30h	Actividade II
11.30h a 12.00h	Merenda
12.00h a 13.00h	Actividade III
13.00h a 13.30h	Xogo libre tutelado
13.30h	Saída de persoas participantes



# PROGAMACIÓN

DO 3 0 14 DE XULLO						
Horario	Luns 3	Martes 4	Mércores 5	Xoves 6	Venres 7	Luns 10
09:30 - 10:00	Recepción / xogos de distensión					Saída } Saída
10:00 - 10:30	Presentación de vitamina A	Contacontos Xogos de enxeño	Falando co espello Son un tesouro Pre, que? Prexuízos	Horta/coidado mascota	Saída parque /saída polideportivo	
10:30 - 11:30	Pasa vitamina / ruleta	As vitaminas verdes/xincana	Xogo de orientación	Atrapa o/a monitor/a		
11:30 - 12:00	Merenda					
12:00 - 13:00	Multideporte	Xogos populares	Xogos con auga	Multideporte	Saída parque /saída polideportivo	
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado					
13:30 -	Saída participantes					



DO 3 0 14 DE XULLO				
Horario	Martes 11	Mércores 12	Xoves 13	Venres 14
09:30 - 10:00	Recepción / xogos de distensión			Saída
10:00 - 10:30	Contacontos Xogos de enxeño	Horta/coidado mascota	Horta/coidado mascota	
10:30 - 11:30	Cocina Optimizando recursos	Búsqueda do tesouro	Got talent Pontecesures preparación	
11:30 - 12:00	Merenda			
12:00 - 13:00	Circuíto deportivo	Búsquea do tesouro	Got talent Pontecesures	Saída
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado			
13:30 -	Saída participantes			

DO 16 O 31 DE XULLO					
Horario	Luns 17	Martes 18	Mércores 19	Xoves 20	Venres 21
09:30 - 10:00	Recepción / xogos de distensión				
10:00 - 10:30	Presentación de vitamina B	Contacontos Xogos de enxeño	Coñézome a min mesmo/a (dinámica)	Horta/coidado mascota	Saída
10:30 - 11:30	Rosco dos alimentos	Imos ao mercado	Xogo de orientación	Obradoiro de chapas	
11:30 - 12:00	Merenda				
12:00 - 13:00	Multideporte	Xogos populares	Xogos con auga	Multideporte	Saída
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado				
13:30 -	Saída participantes				

10

DO 16 O 31 DE XULLO					
Horario	Martes 24	Mércores 26	Xoves 27	Venres 28	Luns 31
09:30 - 10:00	Recepción /xogos de distensión				Saída
10:00 - 10:30	Contacontos Xogos de enxeño	Margarita e os seus lunares. Valoro o meu corpo (conto dinámica)	Horta/coidado mascota	Pegadas dactilares Formamos grupo	
10:30 - 11:30	Cocina Optimizando recursos	Xogos con auga	Got talent Pontecesures preparación	Xogos con auga	
11:30 - 12:00	Merenda				
12:00 - 13:00	Circuíto deportivo	Multideporte	Got talent Pontecesures	Multideporte	Saída
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado				
13:30	Saída participantes				

DO 1 0 15 DE AGOSTO						
Horario	Martes 1	Mércores 2	Xoves 3	Venres 4	Luns 7	Martes 8
09:30 – 10:00	Recepción / xogos de distensión					
10:00 - 10:30	Presentación de vitamina D	Contacontos Xogos de enxeño	Xincana coeducativa (xogos) Respetamos ás diferenzas (dinámica). Que nos queren vender? (dinámica).	Horta/coidado mascota	Saída	Saída
10:30 - 11:30	Salvando a sanopolis-títeres (preparación)	Salvando a sanopolis-títeres	Xogo de orientación	Nutrición en movemento: misión imposible		
11:30 - 12:00	Merenda					
12:00 - 13:00	Multideporte	Xogos populares	Xogos con auga	Multideporte	Saída	Saída
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado					
13:30 -	Saída participantes					

DO 1 0 15 DE AGOSTO				
Horario	Mércores 9	Xoves 10	Venres 11	Luns 14
09:30 - 10:00	Recepción / xogos de distensión			Saída
10:00 - 10:30	Contacontos Xogos de enxeño	A metade de Xoán ( conto-dinámica) Quen e quen (as profesións-dinámica). A reportaxe (dinámica).	Horta/coidado mascota	
10:30 - 11:30	Cocina Optimizando recursos	Búsqueda do tesouro	Got talent Pontecesures preparación	
11:30 - 12:00	Merenda			
12:00 - 13:00	Multideporte	Búsquea do tesouro	Got talent Pontecesures	
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado			
13:30 -	Saída participantes			

DO 16 O 31 DE AGOSTO						
Horario	Mércores 16	Xoves 17	Venres 18	Luns 21	Martes 22	Mércores 23
09:30 - 10:00	Recepción / xogos de distensión					
10:00 - 10:30	Presentación de vitamina C	Contacontos Xogos de enxeño	Horta/coidado mascota	Xincana das emocións Tole-tole tolerancia (xogo)	Saída	Horta/coidado mascota
10:30 - 11:30	Comidas escondidas	Imos á horta	Xogo de orientación	Día a día		Obradoiro de chapas
11:30 - 12:00	Merenda					
12:00 - 13:00	Multideporte	Xogos populares	Xogos con auga	Multideporte	Saída	Multideporte
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado					Xogo libre tutelado
13:30 -	Saída participantes					

Do 16 o 31 de agosto							
Horario	Xoves 24	Venres 25	Luns 28	Martes 29	Mércores 30	Xoves 31	
09:30 - 10:00	Recepción / xogos de distensión						
10:00 - 10:30	Contacontos Xogos de enxeño	Xogos en Igualdade Identifico a diversidade	Acampada	Horta/coidado mascota	Despedida do verán	Festa clausura <b>15</b>	
10:30 a 11:30	Cocina Optimizando recursos	Búsqueda do tesouro		Got talent Pontecesures preparación	Obradoiro de chapas		
11:30 - 12:00	Merenda						
12:00 - 13:00	Circuíto deportivo	Búsqueda do tesouro	Acampada	Got talent Pontecesures	Xogos de auga		
13:00 - 13:30	Xogo libre tutelado						
13:30 -	Saída participantes						